



Concello
de Nigrán

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR
OCUPACIÓNS DO SOLO, SUBSOLO E VOO DA VÍA PÚBLICA**



NIGRÁN

Aprobada definitivamente a modificación ordenanza fiscal reguladora da taxa por ocupacións do solo, subsolo e voo da vía pública ao non terse presentado ningunha reclamación durante o período de exposición ao público da mesma (según anuncios publicados no BOP número 36, do día 21.02.14; no xornal "Faro de Vigo" do día 26.02.14, no taboleiro de anuncios e na páxina web deste Concello). Cumprindo o establecido no artigo 17.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, publícase o texto íntegro da ordenanza fiscal citada (coa modificación aprobada que afecta á súa denominación e a parte do seu articulado):

Ordenanza fiscal reguladora da taxa por ocupación, utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local

ARTIGO 1. – FUNDAMENTO E NATUREZA.

Ao abeiro do establecido nos artigos 20 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e de conformidade co disposto nos artigos 15 ao 19, ambos inclusive, do citado texto legal, este Concello establece a taxa por ocupación, utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local.

ARTIGO 2. – FEITO IMPOÑIBLE.

Constitue o feito imponible da taxa a ocupación, utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local do Concello de Nigrán.

ARTIGO 3. – SUXEITO PASIVO.

Son suxeitos pasivos das taxas en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Lei Xeral Tributaria (LXT), para as que ao seu favor se outorguen as licencias para disfrutar do aproveitamento especial, ou aqueles que se beneficien do mesmo, sen solicitaren a licencia.

ARTIGO 4. – RESPONSABLES.

1. – Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo todas as persoas que sexan causantes ou colaboren na realización de unha infracción tributaria.
2. – Os copartícipes ou cotitulares das entidades xurídicas ou económicas a que se refiren os artigos 35 e 36 da LXT responderán solidariamente en proporción as súas respectivas participacións das obrigas tributarias das mencionadas entidades.
3. – Os administradores de persoas xurídicas que non realizaren os actos de súa incumbencia para o cumprimento das obrigas tributarias de aquelas, responderán subsidiariamente das débedas seguintes:
 - a) Cando se cometeu unha infracción tributaria simple, do importe da sanción.
 - b) Cando se cometeu unha infracción tributaria grave, da totalidade da débeda esixible.
 - c) Nos supostos de cesamento das actividades da sociedade, do importe das obrigas tributarias pendentes na data do cesamento.
4. – A responsabilidade esixirase en todo caso nos termos e conforme ao procedemento previstos na Lei xeral tributaria.

ARTIGO 5. – BENEFICIOS FISCAIS.

1. – O Estado, as comunidades autónomas e as entidades locais non estarán obrigados ao pago da taxa cando soliciten licencia para disfrutar dos aproveitamentos especiais, necesarios para os servizos públicos de comunicacións que exploten directamente, e para outros usos que inmediatamente interesen á seguridade cidadá ou á defensa nacional.
2. – Non se aplicarán bonificacións nin reducións para a determinación da débeda.



ARTIGO 6. – CUOTA TRIBUTARIA.

1. – A contía da taxa regulada nesta ordenanza será a fixada nas tarifas seguintes:

- a) Para as empresas explotadoras de servizos de subministros que afecten á xeralidade ou a unha parte importante do vecindario (telefonía por fío, enerxía eléctrica, gas, televisión por cable, etc) a contía da taxa regulada nesta ordenanza consistirá, en todo caso e sen excepción algunha, no 1,5 por 100 dos ingresos brutos procedentes da facturación que obteñan anualmente neste termo municipal as mencionadas empresas.

As taxas reguladas nesta ordenanza esixibles das empresas explotadoras de servizos de subministros citadas neste punto son compatibles co Imposto sobre construcións, instalacións e obras, así como con outras taxas que teña establecidas, ou poida establecer o Concello pola prestación de servizos ou realización de actividades de competencia local, das que as mencionadas empresas deban ser suxeitos pasivos.

- b) Básculas, aparatos ou máquinas automáticas
- | | |
|--|--------------------------|
| Por cada m ² con un mínimo de 1 m ² ou fracción. | 54,60 €/m ² . |
|--|--------------------------|
- c) Caixeiros automáticos adosados a edificios en que a súa utilización implique un aproveitamento especial da vía pública 60,00 €/ano.
- d) Ocupación con postos, barracas, casetas de venta, espectáculos ou atraccións, cada m² ou fracción:
- | | |
|----------------------|-------------|
| Praia América-Panxón | 11,55 €/mes |
| Resto do municipio | 10,50 €/mes |
- Mercadillos:
- | | |
|---|-----------------------|
| Venda de produtos en xeral por metro cadrado e día con un mínimo de 2 m ² : | 2,10 €/m ² |
| Venda de produtos do campo, colleita propia do agricultor residente nas localidades do Val Miñor cun mínimo de 1 m ² : | 1,05 €/m ² |
- e) Grandes eventos ou actividades lúdicas, culturais ou deportivas tales como circos, festivais, etc, que teñan unha especial afluencia de público e repercutan favorablemente no turismo e no comercio local:
- | | |
|---|-----------------------------|
| Desde 501 m ² até 2.000 m ² | 10,00 €/m ² /mes |
| De 2.001 m ² até 5.000 m ² | 5,00 €/m ² /mes |
| Máis de 5.000 m ² | 2,50 €/m ² /mes |
- f) Ocupación de subsolo de terreo de uso público con depósitos para combustible:
- | | |
|-------------------------------------|-------------|
| Por cada m ³ ou fracción | 54,60 €/ano |
|-------------------------------------|-------------|
- g) Ocupación de terreos de dominio público con terrazas, mesas e cadeiras, por m² ou fracción:
- | | |
|---|----------------------------|
| Marxe dereito da estrada pola vía, de Vigo a Baiona, até o mar: | 8,00 €/m ² /mes |
| Resto do municipio | 5,00 €/m ² /mes |
- h) Ocupación de terreos de uso público con mercadorías, materiais de construción, escombros, vallas, puntais, estadas e outras instalacións análogas:
- | | |
|-------------------------------------|------------|
| Por cada m ² ou fracción | 0,55 €/día |
|-------------------------------------|------------|
- i) Apertura de sondaxes ou gabias en terreos de uso público local inclusive estradas, camiños e demais vías públicas locais, para a instalación e reparación de encanamentos, conduccións e outras instalacións, así como calquera remoción de pavimento ou beirarrúas na vía pública:
- | | |
|--|---------|
| Por cada metro lineal (mínimo 52,50 €) | 16,22 € |
|--|---------|
- k) Taxa por tendidos, encanamentos e galerías para conducción de enerxía eléctrica, auga, gas ou calquera outro fluído incluídos postes para liñas, cables, palomillas, caixas de amarre, distribución ou rexistro, transformadores, rieis, e outros análogos que se establezan en vías públicas ou en terreos de dominio público local:

| | |
|---|-------------|
| Por cada metro lineal ou fracción | 1,63 € |
| 1) Quioscos na vía pública: | |
| Por cada m ² ou fracción | 6,49 €/mes |
| 11) Praza da Ramallosa: | |
| Postos fixos e fechados, en fachada e laterais | 76,00 €/mes |
| Postos fixos ao fondo | 65,00 €/mes |
| Bancadas centrais (cada unha) | 70,00€/mes |
| 2.— Cando para a autorización da utilización privativa se utilicen procedementos de licitación pública, o importe da taxa determinarase polo valor económico da proposición sobre a que recaía a concesión, autorización ou adxudicación. | |

ARTIGO 7.—NORMAS DE XESTIÓN.

- 1.— Poderanse establecer convenios de colaboración con organizacións representativas dos suxeitos pasivos ou con entidades que deban tributar por multiplicidade de feitos impositivos, co fin de simplificar os procedementos de declaración, liquidación ou recadación.
- 2.— A taxa prevista no punto 1, a) do artigo anterior deberá ser satisfeita polas empresas prestameiras de servizos de subministros que afecten á xeneralidade do vecindario en tanto sexan propietarias da rede que materialmente ocupa o solo, subsolo ou volo das vías públicas municipais, como no suposto que utilicen redes que pertencen a un terceiro.

ARTIGO 8.—DEVENGO.

- 1.— A taxa devengarase cando se inicie o uso privativo ou o aproveitamento especial, momento no que, a estes efectos, se entenda que coincide co da concesión da licencia, se a mesma foi solicitada.
- 2.— Sen prexuízo do previsto no punto anterior, será preciso depositar o importe da taxa cando se presente a solicitude de autorización para disfrutar especialmente o dominio público local en beneficio particular.
- 3.— Cando se produza o uso privativo ou aproveitamento especial sen solicitar licencia, o devengo da taxa ten lugar no momento do inicio do mencionado aproveitamento.

ARTIGO 9.—PERÍODO IMPOSITIVO.

- 1.— Cando a utilización privativa ou o aproveitamento especial deba durar menos de un ano, o período impositivo coincidirá co aquel determinado na licencia municipal.
- 2.— Cando a utilización privativa ou aproveitamento especial se estenda a varios exercicios, o devengo da taxa terá lugar o 1 de xaneiro de cada ano e o período impositivo comprenderá o ano natural, salvo nos supostos de inicio ou cesamento na utilización privativa ou aproveitamento especial, no que se aplicará o previsto nos parágrafos seguintes.
- 3.— Cando se inicie a ocupación no primeiro semestre, abonarase en concepto de taxa correspondente a ese exercicio a cuota íntegra. Se o inicio da ocupación ten lugar no segundo semestre do exercicio liquidarase a metade da cuota anual.
- 4.— Se se cesa na ocupación durante o primeiro semestre do exercicio procederá a devolución parcial da cuota (a metade). Se o cesamento ten lugar no segundo semestre, non procederá devolver cantidade algunha.
- 5.— Cando non se autorizara a utilización privativa ou aproveitamento especial, ou o mesmo non resultara posible por causas non imputables ao suxeito pasivo, procederase á devolución do importe satisfeito.

**ARTIGO 10. – RÉXIME DE DECLARACIÓN E INGRESO.**

1. – A taxa esixirase no réxime de autoliquidación.
2. – As autoliquidacións correspondentes ao apartado 6.1.a) desta ordenanza fiscal realizaranse polos suxeitos pasivos por cada trimestre natural, debéndose presentar (e, no seu caso pagar) no Concello de Nigrán dentro dos quince primeiros días do trimestre natural seguinte ao que estén referidas.
3. – Cando se subscriban convenios con representantes dos interesados, as declaracións de inicio do aproveitamento especial, ou das variacións dos elementos tributarios así como o ingreso da taxa realizaranse segundo o convindo.
4. – Nos supostos de concesións de novos aproveitamentos, a obriga de pago nace no momento de solicitar a correspondente licenza. A estes efectos, xunto coa solicitude de autorización para disfrutar do aproveitamento especial, presentárase debidamente cumprimentado o impreso de autoliquidación da taxa. Alternativamente, poden presentarse no Servizo de Rendas os elementos da declaración co fin de que o funcionario municipal competente preste a asistencia necesaria para determinar a débeda. Neste suposto, expedirase un abonare ao interesado, co fin de que poida satisfacer a cuota naquel momento, ou no prazo de dez días, nos lugares de pago indicados no propio abonaré.
5. – Nos supostos de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados, o pago da taxa efectuarase no primeiro trimestre de cada ano. Co fin de facilitar o pago, o Concello remitirá ao domicilio do suxeito pasivo un documento apto para permitir o pago na entidade bancaria colaboradora. Non obstante, a non recepción do documento de pago citado non invalida a obriga de satisfacer a taxa no período determinado polo Concello no seu calendario fiscal.
6. – O suxeito pasivo poderá solicitar a domiciliación do pago da taxa, no caso no que se ordenará o cargo na conta bancaria durante a última decena do período de pago voluntario.

ARTIGO 11. – NOTIFICACIÓN DAS TAXAS.

1. – A notificación da débeda tributaria nos supostos de aproveitamentos singulares realizarase ao interesado, no momento en que se presenta a autoliquidación, co carácter previo á prestación do servizo. Non obstante, o previsto no parágrafo anterior, se unha vez verificada a autoliquidación resultara incorrecta, practícarase liquidación complementaria.
2. – Nos supostos de taxas por aproveitamentos especiais continuados que ten carácter periódico, notificarase persoalmente ao solicitante o alta no rexistro de contribuíntes. A taxa de exercicios sucesivos notificarase colectivamente, mediante a exposición pública do padrón no taboleiro de anuncios do Concello, polo período que se publicará no Boletín Oficial da Provincia.
3. – Ao amparo do previsto na Disposición transitoria segunda da Lei 25/1998, as taxas de carácter periódico reguladas nesta Ordenanza que son consecuencia da transformación dos anteriores prezos públicos non están suxeitas ó requisito de notificación individual, sempre que o suxeito pasivo da taxa coincida ca obriga de pago do prezo público ao que substitúe.

ARTIGO 12. – INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

As infraccións e sancións en materia tributaria rexeranse polo disposto na Lei xeral tributaria, a súa normativa de desenrolo e na ordenanza xeral de xestión, inspección e recadación.

Nigrán, 8 de abril de 2014. – O Alcalde, Alberto Valverde Pérez.

2014003499

